



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@acapela.dicoruna.es · www.concellodacapela.es

BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA TRECE DE SETEMBRO DE DOUS MIL DOCE.

ASISTENTES:

Presidente:

D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

CONCELLEIROS/AS:

D.^a MARINA BOUZA COUCE

D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ

D. FCO. JAVIER BOUZA BERMUDEZ

D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ

D.^a OLGA MARÍA BLANCO TEIJEIRO

D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO

D. FERNANDO VILAR DÍAZ

D. JUAN PUENTES CALVO

SECRETARIO:

D. JOSE A. MEIZOSO PAZ.

No Salón de Sesións desta casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás dez horas do día trece de setembro de dous mil doce, baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, reúnen-se os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de realizar a sesión extraordinaria convocada para o día de hoxe.

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CELEBRADA EN DATA 25.08.2012. ACORDO QUE PROCEDA.

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data vinte e cinco de agosto de dous mil doce.

Non se formulando ningún de alegación, o pleno Municipal e por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a acta da sesión anterior.

2. PLAN DTC - 94. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da proposta da Alcaldía que foi informada favorablemente pola Comisión de Asuntos do Pleno realizada o derradeiro día trinta de agosto de dous mil doce. Con respecto á inclusión de obras, honorarios de redacción de proxectos e financiación do gasto corrente da acordo co seguinte cadro:

A) Obras

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
Impulsión de Augas Residuais en Vilar De Mouros	41.678,34€	-----	41.678,34€
Colector de saneamento en Sande	35.536,76€	-----	35.536,76€
Melloras da Depuradora de Augas Residuais en Gunxel	30.772,26€	-----	30.772,26€
TOTAL	107.987,36€	-----	107.987,36€

B) Honorarios de redacción

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL	OUTRAS ACHEGAS
Impulsión de Augas Residuais en Vilar De Mouros	1.393,01€	-----	1.393,01€	----- -
Colector de Saneamento en Sande	1227,86€	-----	1.227,86€	----- --
Melloras na depuradora Augas Residuais de Gunxel	900€	-----	900€	----- -
TOTAL	3.520,87€	-----	3.520,87€	----- --

D) Financiamento do gasto corrente do concello da anualidade 2012

Concello	Cantidade asinada neste plan que se aplica ao financiamento dos gastos correntes 2012	Achega POS 2012 de gasto corrente	Outra achega
A Capela	25.978,46€	41.701€	-----

E) Resumo

	Deputación	Concello	Outras Achegas	Presuposto total
Subtotal obras e Subministracións	107.987,36€	-----	-----	107.987,36€
Subtotal Honorarios redacción proxectos	3.520,87€	-----	-----	3.520,87€
Subtotal achegas a outros plans, programas ou convenios	-----	-----	-----	-----
Subtotal gastos correntes	25.978,46€	-----	-----	25.978,46€
TOTAL	137.486,69€	-----	-----	137.486,69€

De seguido toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, para manifestar que pide desculpas por non poder asistir á Comisión Informativa de asuntos do pleno que ditaminou o presente asunto. Polo que respecta ás obras a incluir no Plan o seu grupo móstrase ao 100% de acordo polo que respecta ao colector de Sande. Na obra de Vilar De Mouros, enténdese que é unha solución parcial, xa que hai casas que aínda non teñen a rede de sumidoiro, polo que se debeu de facer un proxecto máis integral, asimesmo a mellora da depuradora de Gunxel, quizáis non se solucione o problema, xa que o cerne do mal funcionamento da depuradora e que no seu momento foi dimensionada só para 300 persoas, cando nese núcleo en actos puntuais que se celebran no hotel Casa Peizás poden xuntarse máis de 600 persoas, asimesmo manifesta o voceiro do Grupo Municipal do Partido

Popular estar en contra da cantidade destinada polo equipo de goberno a gastos correntes, xa que hai outras necesidades en servizos básicos que son deficitarios ou non están cubertas suficientemente.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, reitera o xa manifestado na Comisión Informativa, que se trata de tres obras necesarias, pero que na obra de Vilar De Mouros, o seu grupo tivo unha entrevista co Alcalde, para propoñerlle no proxecto a inclusión da rede de sumidoiro das dúas vivendas que aínda están sen el, e ata o de agora non houbo resposta á proposta plantexada.

Polo voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo, dise manter a mesma postura que a exposta na derradeira Comisión Informativa de asuntos do pleno. Dí que a obra de Sande é indispensable e xa se ten falado dela en moitas ocasións, pero con respecto ás outras dúas, a de Vilar De Mouros, e Gunxel, o que se pretende só vai supoñer solucións parciais, xa que por exemplo Vilar De Mouros, o sistema de impulsión vai supoñer un gasto importante, en que se debera contemplar a posibilidade máis barata de arranxar a fosa existente ou ben poñer outra para as vivendas desa zona.

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente, que polo que atinxe á depuradora de Gunxel, o técnico redactor do proxecto manifestoulle que as solucións propostas son a solución definitiva ao funcionamento da depuradora, xa que se contempla un tanque de tormentas para as pluviais e unha mellora do sistema de evacuación e drenaxe. Na obra de Vilar de Mouros estívose vendo a posibilidade do enganche das dúas vivendas, pero o problema está en que habería que cruzar o regato que pasa por alí, non obstante según se poida tratarase de solucionar ese tema.

Remata a súa intervención dicindo que poñer unha fosa nova en Vilar De Mouros incrementaba o custo en aproximadamente 30.000€, debendo de solicitar un punto de vertido novo que agora se elimina.

Polo Concelleiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Fernando Vilar Díaz, dise que o sumidoiro das dúas casas que quedan en Vilar De Mouros pendentes de conexión á rede de sumidoiro ten solución, pero entende que son decisións políticas.

Toma de novo a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, para reiterar que houbo mala praxis cando se plantexou o proxecto da depuradora de Gunxel, xa que 6 meses despois de realizada a obra, deuse licenza para un hotel, polo que a depuradora xa quedou naquel momento

infradimensionada; di asimesmo estar de acordo co proxecto de Sande, pero non coa solución que se lles da ás obras de Gunxel e Vilar De Mouros e coa dotación para gastos correntes.

Respóstalle o Sr. Alcalde-Presidente que o problema do mal funcionamento da depuradora de Gunxel, según os técnicos que a viron e o das augas pluviais, para iso se lle vai a dotar dun tanque de tormentas e dunha maior superficie drenante.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, reitera que o seu grupo está a favor das obras, pero que eles pediron a solución do enganche das dúas casas de Vilar de Mouros, que non se contempla no proxecto, polo que anuncia a abstención do seu grupo.

O voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo, dí que con respecto a estes plans de obras, o mellor sería consensualos, xa que poderían atoparse ao mellor outros proxectos viables.

Remata o debate a concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, D^a Olga María Blanco Teijeiro, para poñer de manifesto que é moito máis prioritario dotar da conexión á rede do sumidoiro das dúas casas de Vilar De Mouros, que financiar o gasto corrente.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, (4 votos a favor dos Sres. /Sra. Concelleiros/a do Grupo Municipal do PS de G-PSOE, 3 abstencións dos Sres. Concelleiros dos Grupos Municipais de AIAC e Mixto - BNG, e 2 votos en contra dos Sres./Sra. Concelleiros/a do Grupo Municipal do Partido Popular), adopta o seguinte acordo:

1º) Participar no "Plan DTC 94 Unha deputación para todos os Concellos" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada a seguinte finalidade:

A) Obras e subministracións:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
Impulsión de Augas Residuais en Vilar De Mouros	41.678,34€	-----	41.678,34€
Colector de saneamento en Sande	35.536,76€	-----	35.536,76€
Melloras da Depuradora de Augas Residuais en Gunxel	30.772,26€	-----	30.772,26€
TOTAL	107.987,36€	-----	107.987,36€

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos

B) Honorarios de redacción de proxecto de obras.

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL	OUTRAS ACHEGAS
Impulsión de Augas Residuais en Vilar De Mouros	1.393,01€	-----	1.393,01€	-----
Colector de Saneamento en Sande	1.227,86€	-----	1.227,86€	-----
Melloras na depuradora Augas Residuais de Gunxel	900€	-----	900€	-----
TOTAL	3.520,87€	-----	3.520,87€	-----

C) Achegas municipais a outros plans, programas ou convenios

Denominación actuación e do plan ou programa no que se inclúe	Financiamento desagregado	Achega Provincial aplicada
-----	-----	-----
-----	-----	-----
TOTAL		

D)Financiamento do gasto corrente do concello da anualidade 2012

Concello	Cantidade asignada neste plan que se aplica ao financiamento dos gastos correntes 2012	Achega POS 2012 de gasto corrente	Outras achegas
A Capela	25.978,46€	41.701€	-----

E) Resumo

	Deputación	Concello	Outras Achegas	Presuposto total
Subtotal obras e Subministracións	107.987,36€	-----	-----	107.987,36€
Subtotal Honorarios redacción proxectos	3.520,87€	-----	-----	3.520,87€
Subtotal achegas a outros plans, programas ou convenios	-----	-----	-----	-----
Subtotal gastos correntes	25.978,46€	-----	-----	25.978,46€
TOTAL	137.486,69€	-----	-----	137.486,69€

2º) Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra.

3º)(Só no caso de que exista achega municipal voluntaria)

Para o financiamento do importe da achega municipal, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento.

4º) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións Públicas para o financiamento do investimento ou do gasto corrente para o que se solicita a achega provincial, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achegaranse o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

5º) Autorízase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as dez horas trinta minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O Alcalde-Presidente,

Manuel Meizoso López

O Secretario,

José A. Meizoso Paz